



BOP

MÉRCORES, 18 DE SETEMBRO DE 2019

N.º 215

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

PLAN DE ACCIÓN MUNICIPAL FRONTE A INCENCIOS FORESTAIS CONCELLO DE BECERREÁ

DATOS DO CONCELLO

Datos xerais

Situación xeográfica

O concello de Becerreá está situado no centro-oeste da comarca dos Ancares, na provincia de Lugo, coas coordenadas xeográficas $x = 651.628$ y $y = 4.749.464$ (ETRS 89 UTM 29N).

Limita cos municipios de:

Nome do concello	Situación (N/S/E/O)	Teléfono do Concello
Baleira	N	982 35 40 59
Navia de Suarna	N	982 36 51 66
As Nogais	S	982 36 40 92
Triacastela	S	982 54 81 47
Cervantes	E	982 36 49 04
Baralla	O	982 36 33 03
Láncara	O	982 54 31 52



Superficie

Superficie total	17201,39 Ha
Superficie monte	9114,55 Ha
Superficie monte raso	3938,57 Ha
Superficie non forestal	4148,27 Ha

Poboación

Segundo datos do último censo de poboación o concello de Becerreá rexistra un total de **2.987 habitantes** (INE 2015).

A distribución de parroquias que conforman o concello e a súa poboación correspondente indícase na seguinte táboa.

Parroquia	Número de habitantes
AGUEIRA (SAN XOÁN)	78
ARMESTO (SAN ROMÁN)	38
BECERREÁ (SAN XOÁN)	1402
CADOALLA (SAN PEDRO)	59
CASCALLÁ (SANTA MARÍA)	110
CEREIXAL (O)(SAN XOSÉ)	85
CRUZUL (SAN MARTIÑO)	80
FERREIRÓS DE VALBOA (SANTA MARÍA)	73
FONTARÓN (SANCTI SPIRITUS)	49
FURCO (SAN XOÁN)	108

Parroquia	Número de habitantes
GUILFREI (SANTA EULALIA)	119
GUILLÉN (SAN PEDRO)	33
LIBER (SAN REMIXIO)	48
MORCELLE (SAN XULIÁN)	46
OUSELLE (SAN COSME)	69
OUSÓN (SANTO ADRAO)	26
PANDO (SAN XOÁN)	22
PENAMAIOR (SANTA MARÍA DE SAN LORENZO)	82
QUINTÁ DE CANCELADA (SANTA EULALIA)	156
SEVANE (SAN XOÁN)	22
TORTES (SAN PEDRO)	106
VEIGA (SANTA MARIÑA)	7
VILACHÁ (SAN PEDRO)	57
VILAÍZ (SANTIAGO)	35
VILAMANE (SANTA MARÍA)	29
VILOUTA (SANTA MARIÑA)	48

Altitude

Altitude máxima do concello	1178 m
Altitude mínima do concello	321 m
Altitude do núcleo urbano	633 m

Hidroloxía

A rede hidrolóxica do concello está formada por:

Ríos	Navia Valdeparada Cervantes Quindous Ser ou Ortigal Vilapandín Moia Rao Herreros Donsal Bolán
-------------	---

No mapa 1.3 móstrase a rede hidrográfica do concello de Becerreá.

Rede viaria

No cadro seguinte recóllense as vías de comunicación principais que pasan ou enlazan o termo municipal.

Estrada	Titularidade	Puntos quilométricos
Autovía A-6 Madrid - Coruña	Ministerio de	446,43-459,88
N-VI Madrid - Coruña	Ministerio de	449,11-463,19
LU-624 Becerreá - Becerreá	Xunta de Galicia	0,00-0,61
LU-631 LU636 - Guilfrei	Xunta de Galicia	0,00-3,89
LU-632 Becerreá - Balboa	Xunta de Galicia	0,00-5,42
LU-636 De Sarria a Becerreá	Xunta de Galicia	21,24-30,75
LU-680 De Cereixal a Cereixal	Xunta de Galicia	0,00-0,85
LU-722 De Becerreá a Ponte do río Rao	Xunta de Galicia	0,00-13,56
LU-P-0508 De LU-710 a LUP07-08 por	Deputación de Lugo	6,65-8,73
LU-P-0701 De Cereixal a O Cádavo	Deputación de Lugo	0,00-5,64
LU-P-0702 De LU-722 a LUP07-02 en Degrada	Deputación de Lugo	0,00-1,19
LU-P-0703 De LU-722 a Vilar de Frades	Deputación de Lugo	0,00-5,52
LU-P-0704 De Cereixal a Centro de	Deputación de Lugo	0,00-4,28
LU-P-0705 De LU-722 por Vilamane a Tucende	Deputación de Lugo	0,00-18,63
LU-P-0706 De Guilfrei	Deputación de Lugo	0,00-3,22
LU-P-0707 De Armesto a Nogais (As) por Torés	Deputación de Lugo	0,00-4,08
LU-P-0708 De Cereixal a Louxas	Deputación de Lugo	0,00-16,97
LU-P-0709 De Horta a Viladicente	Deputación de Lugo	0,00-6,04
LU-P-6201 De Triacastela a Guilfrei	Deputación de Lugo	6,40-8,30
006-031 De LUP07-08 a Souto	Concello de Becerreá	0,00-2,48
006-032 De 006-008 a Cousín	Concello de Becerreá	0,00-1,22
006-033 De LUP07-08 a Couso	Concello de Becerreá	0,00-0,48
006-034 De LUP07-08 a Coto	Concello de Becerreá	0,00-0,82
006-035 De 006-036 a Vilamane por Bidueiras	Concello de Becerreá	0,00-2,40
006-036 De LUP07-05 a Riomuños	Concello de Becerreá	0,00-1,78
006-037 De LUP07-05 a Barbeitas	Concello de Becerreá	0,00-0,30
006-038 De LU-722 a 006-037	Concello de Becerreá	0,00-3,79
006-039 De LUP07-05 a Valcova	Concello de Becerreá	0,00-0,66
006-040 De LUP07-05 a Vilar de Cancelada	Concello de Becerreá	0,00-0,92
006-041 De LUP07-08 a Bustelo	Concello de Becerreá	1,47-4,96
006-042 De N-VI a LU-722 desde Cadoalla	Concello de Becerreá	0,00-1,16
006-043 De LU-723 a Torallo por Golada (a)	Concello de Becerreá	0,00-4,74
006-045 De LUP07-07 a 006-016 en Freixo	Concello de Becerreá	0,00-1,07
006-046 De LU-636 a 006-016 por Monelo	Concello de Becerreá	0,00-2,93

Estrada	Titularidade	Puntos quilométricos
006-047 De LU-636 a Lamas	Concello de Becerreá	0,00-0,98
006-048 De 006-012 a Muñez	Concello de Becerreá	0,00-1,74
006-049 De LUP07-07 a Eixibrón	Concello de Becerreá	0,00-1,29
006-050 De 006-025 a Acebo	Concello de Becerreá	0,00-0,47
006-051 De 012-070 a Picos (Os) por Barreiro	Concello de Becerreá	0,00-2,96
006-052 De 006-007 a 034-069 en Arroxiña	Concello de Becerreá	0,00-0,60
006-053 De 006-007 a 034-068 en Arroxiña	Concello de Becerreá	0,00-0,81
006-054 De 006-005 a Requeixo	Concello de Becerreá	0,00-1,83
006-055 De LUP07-08 a Requeixo	Concello de Becerreá	0,00-1,68
006-056 De LUP05-08 a LUP07-08 por	Concello de Becerreá	0,00-0,74
006-057 De LUP07-05 a Fraian de Riba	Concello de Becerreá	0,00-0,76
006-058 De 006-038 a Fraian de Baixo	Concello de Becerreá	0,00-0,29
006-059 De 006-021 a LU-636	Concello de Becerreá	0,00-2,26
006-060 De N-VI a 006-042 en Saa	Concello de Becerreá	0,00-1,54
006-061 De 006-042 a 006-060 en Cadoalla	Concello de Becerreá	0,00-0,26
006-062 De LU-636 a 006-047 en Lamas	Concello de Becerreá	0,00-0,72
006-063 De N-VIa a Valiña	Concello de Becerreá	0,00-0,56
006-066 De 006-046 a 006-065 en Herbon	Concello de Becerreá	0,00-2,26
006-067 De LU-636 a 006-066 en Herbon	Concello de Becerreá	0,00-1,92
006-068 De 006-016 a 006-049 en Tortes	Concello de Becerreá	0,00-0,48
006-069 De 037-028 a Fonte do Lobo	Concello de Becerreá	0,00-1,93
006-070 De a Pumarín de Baixo	Concello de Becerreá	0,00-0,15
006-071 De LUP07-08 a Vilar de Frades	Concello de Becerreá	1,00-2,47

Rede ferroviaria

Non hai na zona rede de ferrocarril, e as estacións mais próximas localízanse en Sarria e Lugo capital.


Rede de gas

No concello de Becerreá non hai rede de gas.

Rede eléctrica

A principal liña de distribución eléctrica no concello de Becerreá atravesa o municipio en dirección NO-SE, desde a parroquia de Fontarón ata a de Liber.

Trátase dunha liña de Alta Tensión da compañía Gas Natural-Fenosa que ocupa un ancho aproximado en planta de 30 m. (ver mapa 1.5).



Rede de auga potable

A infraestrutura de distribución de auga potable está formada por:

Núcleos de poboación	Compañía	Descrición do abastecemento	Depósitos	Estacións depuradoras / potabilizadoras
Agueira Cela	Xestión municipal	Traída de auga Chao de Canda, manancial municipal de xestión municipal por gravidade	Depósito en superficie de 30 m ³ de capacidade	No
A Horta Serra da Horta	Xestión municipal	Traída de auga Chao de Canda, manancial municipal de xestión municipal por gravidade	Depósito en superficie de 40 m ³ de capacidade	No
Serra da Horta	Xestión municipal	Traída de auga Chao de Canda, manancial municipal de xestión municipal por gravidade	Depósito enterrado de 5 m ³ de capacidade	No

Núcleos de poboación	Compañía	Descrición do abastecemento	Depósitos	Estacións depuradoras / potabilizadoras
Armesto	Xestión municipal	Traída de auga Armesto, manancial veciñal de xestión municipal por gravidade	Depósito enterrado de 75 m3 de capacidade	No
Becerreá	Xestión municipal	Traída de auga As Agras, manancial veciñal de xestión municipal por gravidade	Depósito semienterrado de 850 m3 de capacidade	No
Becerreá	Xestión municipal	Traída de auga Nacemento Río Narón, manancial veciñal de xestión municipal por gravidade	Depósito en superficie de 30 m3 de capacidade	No
Becerreá	Xestión municipal	Traída de auga Fontes de Trembido manancial municipal de xestión municipal por gravidade	Depósito en superficie de 300 m3 de capacidade	No
O Castelo	Xestión municipal	Traída de auga As Agras, manancial veciñal de xestión municipal por gravidade	Depósito semienterrado de 850 m3 de capacidade	No
O Castelo	Xestión municipal	Traída de auga Nacemento Río Narón, manancial veciñal de xestión municipal por gravidade	Depósito en superficie de 300 m3 de capacidade	No
O Castelo	Xestión municipal	Traída de auga Fontes de Trembido manancial municipal de xestión municipal por gravidade	Depósito semienterrado de 850 m3 de capacidade	No
A Lagúa	Xestión municipal	Traída de auga Da Reboira manancial veciñal de xestión municipal por gravidade	Depósito semienterrado de 80 m3 de capacidade	No
Todón	Xestión municipal	Traída de auga Rego da Foz manancial veciñal de xestión municipal por gravidade	Depósito enterrado de 60 m3 de capacidade	No
O Cereixal	Xestión municipal	Traída de auga Cereixal manancial veciñal de xestión municipal por gravidade	Depósito enterrado de 150 m3 de capacidade	No
Cruzul	Xestión municipal	Traída de auga As Agras, manancial veciñal de xestión municipal por gravidade	Depósito semienterrado de 850 m3 de capacidade	No

Núcleos de poboación	Compañía	Descrición do abastecemento	Depósitos	Estacións depuradoras / potabilizadoras
Cruzul	Xestión municipal	Traída de auga Nacemento Río Narón, manancial veciñal de xestión municipal por gravidade	Depósito en superficie de 30 m ³ de capacidade	No
A Venda de Cruzul	Xestión municipal	Traída de auga As Agrads, manancial veciñal de xestión municipal por gravidade	Depósito semienterrado de 850 m ³ de capacidade	No
A Venda de Cruzul	Xestión municipal	Traída de auga Nacemento Río Narón, manancial veciñal de xestión municipal por gravidade	Depósito en superficie de 30 m ³ de capacidade	No
Ferreirós de Valboa	Xestión municipal	Traída de auga Fonte Narón, manancial veciñal de xestión municipal por gravidade	Depósito semienterrado de 46 m ³ de capacidade	No
Furco	Xestión municipal	Traída de auga Secas, manancial veciñal de xestión municipal por gravidade	Depósito semienterrado de 24 m ³ de capacidade	No
San Pedro	Xestión municipal	Traída de Guilfrei, manancial municipal de xestión municipal por gravidade	Depósito en superficie de 20 m ³ de capacidade	No
Narón	Xestión municipal	Traída de auga As Agrads e Fonte Narón, manancial veciñal de xestión municipal por gravidade	Depósito en superficie de 60 m ³ de capacidade	No
Guillén	Xestión municipal	Traída de auga Lameiro, manancial veciñal de xestión municipal por gravidade	Depósito enterrado de 20 m ³ de capacidade	No
Ouselle	Xestión municipal	Traída de auga As Agrads e Nacemento do río Narón, manancial veciñal de xestión municipal por gravidade	Depósito semienterrado de 850 m ³ de capacidade	No
O Freixo	Xestión municipal	Traída de auga Fonte Pardo, manancial veciñal de xestión municipal por gravidade	Depósito en superficie de 48 m ³ de capacidade	No
Erbón	Xestión municipal	Traída de auga Herbon, manancial municipal de xestión municipal por gravidade	Depósito en superficie de 81 m ³ de capacidade	No
Tortes	Xestión municipal	Traída de auga Fontes, manancial municipal de xestión municipal por gravidade	Depósito enterrado de 12 m ³ de capacidade	No

Núcleos de poboación	Compañía	Descrición do abastecemento	Depósitos	Estacións depuradoras / potabilizadoras
Vilachá	Xestión municipal	Traída de auga Vilachá, manancial municipal de xestión municipal por gravidade	Depósito en superficie de 50 m ³ de capacidade	No
Vilar de Cancelada	Xestión municipal	Traída de auga Vilar, manancial municipal de xestión municipal por gravidade	Depósito en superficie de 72 m ³ de capacidade	No
Vilamane	Xestión municipal	Traída de auga Vilamane, manancial veciñal de xestión municipal por gravidade	Depósito en superficie de 50 m ³ de capacidade	No
Vilouta de Abaixo	Xestión municipal	Traída de auga Vilouto, manancial municipal de xestión municipal por gravidade	Depósito en superficie de 80 m ³ de capacidade	No

Fonte: Enquisa de infraestrutura e equipamentos locais

Datos meteorolóxicos

Estacións meteorolóxicas existentes no concello (ou máis próximas)

No concello de Becerreá **non existe ningunha estación meteorolóxica**. As estacións meteorolóxicas máis próximas ó municipio son:

Localización	Características
CERVANTES (Ancares)	Ubicada a 42,82° de latitude e -6,92° de lonxitude e a unha altitude de 1364 metros. Foi dada de alta o 1 de Xaneiro de 2000.
NAVIA DE SUARNA (Ventosa)	Ubicada a 42,96° de latitude e -6,91° de lonxitude e a unha altitude de 910 metros. Foi dada de alta o 22 de Novembro de 2007
PEDRAFITA DO CEBREIRO (Alto do Poio)	Ubicada a 42,71° de latitude e -7,12° de lonxitude e a unha altitude de 1330 metros. Foi dada de alta o 30 de Maio de 2012.
PEDRAFITA DO CEBREIRO (O Cebreiro)	Ubicada a 42,71° de latitude e -7,05° de lonxitude e a unha altitude de 1310 metros. Foi dada de alta o 12 de Agosto de 2009.
BALEIRA (Fontaneira)	Ubicada a 43,04° de latitude e -7,2° de lonxitude e a unha altitude de 917 metros. Foi dada de alta o 29 de Decembro de 2006.
SAMOS (Abradelo)	Ubicada a 42,75° de latitude e -7,25° de lonxitude e a unha altitude de 826 metros. Foi dada de alta o 9 de Xuño de 2005.

Datos: Meteogalicia

Características meteorolóxicas do municipio

Ó efecto de características meteorolóxicas, e tendo en conta que no concello de Becerreá non hai estación meteorolóxica, tómanse os datos da estación de Ventosa (Navia de Suarna) por ser das máis próximas e altitude que mais se asemella á deste concello.

Dirección dos ventos dominantes	Frecuencia
SW (225°)	Meses setembro-maio
W (270°)	Meses xuño-agosto

Datos: Meteogalicia

Fenómeno	Descrición e época
Precipitacións	novembro-febreiro: 130-220 l/m ² marzo-xuño e setembro-outubro: 50-100 l/m ² xullo-agosto: 2-50 l/m ²
Néboa	Outono-Inverno: 8-11 días/mes Primavera-Verán: 5-7 días/mes
Tormentas	Nº de días de treboada en 2015: 7 Densidade de raios/km ² : 1,0
Xeadas	decembro-febreiro: 10-15 días/mes novembro, marzo e abril: 1-7 días/mes maio-outubro: sen xeadas

Datos: Meteogalicia e Aemet

Datos específicos asociados ao risco

Masa forestal existente no concello

A maior parte de superficie do concello de Becerreá ten un uso forestal: das 17.201,39 ha totais do municipio, un 75,88 % son de monte (monte arborado + monte raso).

	Superficie (Ha)	% respecto a sup. total
Monte arborado	9.114,55	52,99
Monte raso	3.938,57	22,90
Non forestal	4.148,27	24,12

O **plano 1.6** reflicta os datos de Usos do solo de todo o municipio.

Pistas forestais e cortalumes


As pistas forestais son aquelas vías de terra que discorren polo monte, coa función de posibilitar os accesos ó mesmo.

Os cortalumes son superficies relativamente anchas nas que a vexetación natural, densa e moi inflamable, é modificada para conseguir outra vexetación de menor biomasa ou menos inflamable, coa finalidade de que se deteñan os lumes de solo que cheguen cara ela.

No **plano 1.6** aparecen reflexados os cortalumes do municipio.

Redes de faixas secundarias

As redes secundarias de faixas de xestión de biomasa teñen ámbito municipal e posúen a función prioritaria de protección dos núcleos de poboación, das infraestruturas, dos equipamentos sociais, das zonas edificadas, dos parques e dos polígonos industriais.



No **plano 6** aparecen reflexadas estas faixas secundarias.

Puntos de auga con hidrantes

O concello de Becerreá dispón de 7-8 bocas de rego con hidrantes en cada un dos seguintes núcleos:

- Becerreá (rúa Ancares)
- Vilouta
- Cruzul
- Castelo
- Gilfrei
- Toucende
- Pando
- Barbeitas
- Fraian
- Torayo
- Cereixal

Trátase de bocas de DN45, cunha capacidade de 40 m³, excepto as da rúa Ancares, que teñen 100 m³.

Ademais, dispónse doutro hidrante DN80 na Avenida de Sarria, no depósito de auga vello, nas proximidades do depósito novo.

Puntos de auga sen hidrantes

O concello dispón, dentro do núcleo de Becerreá, dun **antigo lavadoiro municipal**, cunha capacidade de 24 m³, e que ademais sempre se atopa cheo porque a auga provén dun manancial.

Este antigo lavadoiro non se utiliza para abastecemento á poboación, soamente **para incendios** ou para servizos de limpeza.

Puntos de vixilancia


O concello de Becerreá non dispón de puntos de vixilancia á parte dos correspondentes á Consellería de Medio Rural.

COÑECEMENTO DO RISCO E VULNERABILIDADE

Análise do risco

Segundo o PEIFOGA, os datos do índice de Risco Potencial (IRP) e a inclusión do concello como Zona de Alto Risco (ZAR) para Becerreá serían:

Concello	IRP	ZAR
BECERREÁ	Moderad	Si



Datos: Peifoga 2015

A época de perigo alto de incendios forestais, segundo o PEIFOGA, abarcaría os meses de xullo, agosto e setembro.

Para facer unha análise histórica de lumes no municipio, traballouse cos datos facilitados pola Subdirección Xeral de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, que conteñen número de incendios e superficie queimada por parroquias nos 5 últimos anos (2010-2014).

Os resultados obtidos refléxanse nos seguintes mapas:

Mapa 1.9. Incendios: onde se localiza a superficie queimada

Mapa 2.1: Índice de frecuencia de incendios: onde se reflexan as parroquias con maior frecuencia dos incendios

Mapa 2.2. Índice de gravidade de incendios: onde se reflexa as parroquias nas que os incendios foron máis graves.

Índice de perigo local

Para avaliar o Perigo local utilizáronse os datos facilitados pola Subdirección Xeral de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais. En concreto, empregáronse as capas con información xeográfica da localización dos incendios producidos no Concello durante os últimos anos con datos dispoñibles (2010-2014) para proceder a súa análise.

Co obxecto final de obter unha representación coa distribución do perigo local de incendios forestais, procedeuse ao cálculo preliminar dos índices de frecuencia e gravidade, como integrantes do primeiro e cuxa metodoloxía de obtención expónse a continuación.

- *Índice de frecuencia de incendios.*

O índice de risco espacial ou índice de frecuencia reflexa a frecuencia media anual de incendios nun ámbito xeográfico determinado, sendo os datos manexados referidos ó termo municipal, e o resultado obtido para este índice será por parroquias. Ao ter diferentes extensións de superficie cada parroquia, dividiuse o resultado obtido pola superficie forestal da parroquia, para poder representar os resultados. Por tanto, será un indicador da probabilidade de que ocorra un incendio forestal no ámbito xeográfico de cada parroquia. Calcúlase como:

$$F_i = \frac{1}{a} * \sum_1^a \frac{n_i}{Sup, fp}$$

Onde:

Fi = Frecuencia de incendios

a = Número de anos da serie de datos utilizada (5 anos),

ni = Número de incendios en cada ano da serie referidos a cada parroquia

Sup, fp = Superficie forestal da parroquia (ha)

Os resultados clasifícanse nos seguintes rangos:

Frecuencia	• Índice de frecuencia	Indicador
Moderada	• <0,249	• 1
Alta	• 0,250 - 0,749	• 2
Moi alta	• >0,750	• 3

Cos datos expostos, obtense o **Índice de frecuencia de incendios**, que reflexa a probabilidade de que se produza un incendio forestal.

O resultado, por parroquias, pódese ver no **mapa 2.1**

- *Índice de gravidade de incendios.*

O índice de gravidade representa a porcentaxe anual de superficie queimada respecto á superficie forestal total. Do mesmo modo que no caso do índice de frecuencia, este índice de gravidade tamén se determina por parroquias. Neste caso, enténdese como a porcentaxe de superficie forestal (tanto arborada como non arborada) queimada anualmente con respecto á superficie forestal existente na parroquia. Calcúlase mediante a seguinte expresión:

$$I_g = \frac{1}{a} \sum_1^a \frac{S_{FQi}}{S_{FT}} * 100$$

Onde:

Ig = Índice de gravidade

a = Número de anos da serie de datos

SFQi = Superficie forestal queimada no período (ha)

SFT = Superficie forestal total (ha)

Os resultados clasifícanse en rangos segundo a seguinte táboa:

Gravidade	Índice de gravidade	Indicado
Moderada	• <0, 299	• 1
Alta	• 0,300 - 2,999	• 2
Moi alta	• >3,000	• 3

O resultado, por parroquias, pódese ver no **mapa 2.2**

- *Análise do Perigo local de incendios*

O índice de Perigo local, que aglutina ós dous anteriores, é polo tanto un indicador que, baseándose en datos da serie histórica, representa a probabilidade de que se produza un incendio forestal e a súa gravidade relativa en termos de superficie. A intersección dos dous índices (frecuencia-gravidade) permite obter o mapa de Perigo Local de acordo á seguinte expresión:

$$PL = Fi \cdot Ig \cdot 1000$$

Onde:

PL = Perigo Local de incendios

Fi = Índice de frecuencia

Ig = Índice de gravidade

Á hora de seleccionar a operación aritmética que integrase estes dous índices considerouse mais axeitado o produto dos mesmos fronte á suma ou media ponderada, ao considerar que pode realzar aquelas áreas con valores elevados de calquera dos índices citados, de modo que obriga a prestarlles unha especial atención. A razón de multiplicar o resultado por 1.000 é a de evitar incorrer en erros polo uso de excesivos decimais.

Obtense así a distribución de zonas con diferente Perigo local de acordo á seguinte táboa.

Rango	Índice de Perigo Local	Indicado
Moderado	• <0,99	• 1
Alto	• 1,00 - 14,99	• 2
Moi alto	• >15,0	• 3

Cos datos expostos, obtense o **Índice de perigo local**, que reflexa a probabilidade de que se produza un incendio forestal.

O resultado, por parroquias, pódese ver no **mapa 2.3**

Vulnerabilidade do medio

Trátase de establecer nun determinado territorio o seu grado de susceptibilidade ao deterioro fronte a un incendio forestal. As consecuencias dos incendios forestais son obxecto dunha análise cuantitativa en función dos elementos vulnerables expostos ao fenómeno dos incendios forestais, sendo estes principalmente as persoas, os bens e o medio ambiente.

Os tipos de valores a protexer son os seguintes:

- Persoas:
 - A vida e a seguridade das persoas (I_{pob})
- Bens:
 - Protección de infraestruturas, instalacións e zonas habitadas (I_{inf})
- Medio ambiente:
 - Protección contra a erosión do solo (I_{UPE})
 - Singularidade ecolóxica, valores paisaxísticos e patrimonio natural e biodiversidade (I_{prot}).

A vulnerabilidade do medio, allea ás estatísticas de incendios, xurde da integración de factores de carácter case permanente no territorio (vexetación, pendente, orientación, zonas singulares), xunto cos relacionados có factor humano (demografía, vías de comunicación, usos do solo) e da unha idea da fragilidade do medio nun lugar

determinado. Deste modo a vulnerabilidade estímase a partires de varios factores descritos a continuación, estando os resultados obtidos para cada factor referidos ao ámbito de cada parroquia.

- *Índice poboacional (I_{pob})*

Este índice ten en conta a integración da poboación no entorno rural e/ou forestal para poder cuantificar o risco que supoñen os incendios forestais para as vidas humanas. Para a súa elaboración tivéronse en conta as particularidades demográficas de Galicia, entre as que destaca o amplo espallamento poboacional e a baixa densidade de habitantes de gran parte dos núcleos de ámbito non urbano. Coa intención de reflectir a importancia da diseminación da poboación integrada no sector rural, elaborouse este índice segundo a fórmula:

$$I_{pob} = \frac{N_{pob} * N_{hab}}{SUP_{fm}}$$

Onde:

I_{pob} = Índice poboacional

N_{pob} = Número de poboacións da parroquia

N_{hab} = Número de habitantes da parroquia

SUP_{fp} = Superficie forestal da parroquia (ha)

Determinase por parroquia, e o resultado clasifícase en rangos para o posterior cálculo da vulnerabilidade, segundo a seguinte táboa:

Rango	Índice de poboación (I_{pob})
1	<9,99
2	10,00 – 29,99
3	30,00 – 59,99
4	60,00 – 129,99
5	>130,00

O resultado, por parroquias, pódese ver no **mapa 3.1**

- *Índice infraestruturas (I_{inf})*

Mediante análise SIG obtivéronse os datos de ocupación lineal de infraestruturas como son as vías de comunicación (estradas e ferrocarril) e as redes de transporte enerxético (liñas eléctricas). Estes datos obtivéronse respecto á superficie total de cada parroquia establecendo unha relación entre ambos tal que, a maior densidade de infraestruturas maior vulnerabilidade do territorio respecto aos incendios forestais. Para as vías de comunicación realízanse os cálculos mediante software SIG tendo en conta as estradas autonómicas, nacionais, vías de alta capacidade, autopistas e autovías así como a totalidade das vías férreas en uso actualmente. Respecto ás liñas eléctricas tivéronse en conta as de Alta e Baixa Tensión. Asígnase maior ponderación ás infraestruturas de comunicación rodada (50%) por supor maior importancia respecto a redes eléctricas (30%) e ferrocarril (20%). O cálculo do índice realízase a partires da fórmula seguinte:

$$I_{inf} = \frac{(0,5 * VCo) + (0,3 * LinEl) + (0,2 * FfCc)}{SUP_p}$$

Onde:

I_{inf} = Índice de infraestruturas

VCo = Superficie vías de comunicación por parroquia (ha)

LinEl = Superficie liñas eléctricas por parroquia (ha)

FfCc = Superficie ferrocarril por parroquia (ha)

SUP_p = Superficie total da parroquia (ha)

Determinase por parroquia, e o resultado clasifícase en rangos para o posterior cálculo da vulnerabilidade, segundo a seguinte táboa:

Rango	Índice de infraestruturas (I_{inf})
1	<4,25
2	4,30 – 5,29
3	5,30 – 6,39
4	6,40 – 8,49
5	>8,50

O resultado, por parroquias, pódese ver no **mapa 3.2**

- *Índice UPE: uso do solo, pendente e exposición (I_{UPE})*

O estudo da integración destes tres factores para a área de uso forestal de cada unha das parroquias aporta unha información cuantificable acerca da cantidade de área forestal (arborada e rasa) e a súa pendente e exposición específicas que permiten avaliar a sensibilidade do terreo fronte a ocorrencia dun incendio. Estes tres factores inflúen no comportamento dun incendio e, tras a súa ocorrencia, tamén o fan sobre a erosión e degradación do terreo. Asígnase para os diferentes rangos establecidos unha ponderación en función da importancia establecida para cada un dos factores tal e como se detalla nas seguintes táboas:

Factor Uso do solo (F_u)	Valor
• Non forestal	• 0
• Monte raso	• 4
• Arborado	• 7

F_u : Asígnase o valor 0 ao uso non forestal do solo có fin de ignorar este parámetro en calquera das combinacións posibles. Da superficie arborada e rasa do uso forestal asígnase mais peso ao primeiro pola súa importancia mais que evidente. En xeral trátase con estes valores de asignar mais peso de media ao uso do solo que a os outros dous factores (pendente e exposición). A maior valor do factor, maior valor da masa forestal presente

Factor Pendente (F_{pd})	Valor
• 0-15%	•
• 15-35%	•
• 35-55%	•
• >55%	•

F_{pd} : Asígnanse valores en función das diferentes pendentes tendo en conta que, un aumento da pendente supón unha maior velocidade de avance do lume, maior dificultade de acceso para os medios de extinción e maior risco de erosión do terreo tralo incendio.

Factor Exposición (F_{ex})	Valor
• Umbria	• 1
• Llano	• 3
• Solaina	• 5

F_{ex} : A maior valor do factor maior insolación á que está exposta a superficie e polo tanto maior intensidade terá o incendio, o que dificultará as labores de extinción e favorecerá a degradación do terreo.

Mediante o cálculo realizado con ferramentas SIG, procédese á obtención das superficies correspondentes á intersección das variables dos factores expostas nas táboas anteriores, polo que o valor deste índice calcúlase en función da seguinte expresión:

$$I_{upe} = \sum_1^a \frac{Fu_1^a * Fpd_1^a * Fex_1^a * SUP_1^a}{SUP_p}$$

Onde:

I_{upe} = Índice de Uso do solo, Pendente e Exposición

a = combinacións entre os valores de cada factor

Fu^a = Valor correspondente do factor Uso do solo

Fpd^a = Valor correspondente do factor Pendente

Fex^a = Valor correspondente do factor Exposición

SUP^a = Superficie específica de combinación de factores (ha)

SUP_p = Superficie forestal da parroquia (ha)

Determinase por parroquia, e o resultado clasifícase en rangos para o posterior cálculo da vulnerabilidade, segundo a seguinte táboa:

Rango	Índice UPE (I _{upe})
1	<25,99
2	26,00 – 32,99
3	33,00 – 38,99
4	39,00 – 45,69
5	>45,70

O resultado, por parroquias, pódese ver no **mapa 3.3**

- *Índice de protección (I_{prot})*

Un dos factores a ter en conta é a calidade do medio natural, sendo o ser humano o que pon en relevancia áreas con ámbitos especialmente sensibles e/ou exclusivos creando unha clasificación de espazos con necesidade de especial protección e xestión ambiental (parques naturais, LIC's, ZEPA's, etc.). Coa información xeoespacial destes ámbitos e mediante análise SIX, determináanse as superficies correspondentes a cada unha das parroquias do municipio e calcúlase un índice de protección mediante a fórmula:

$$I_{prot} = \frac{SUP_{prot}}{SUP_p}$$

Onde:

I_{prot} = Índice de protección

SUP_{prot} = Superficie protexida total da parroquia (ha)

SUP_p = Superficie total da parroquia (ha)

Determinase por parroquia, e o resultado clasifícase en rangos para o posterior cálculo da vulnerabilidade, segundo a seguinte táboa:

Rango	Índice UPE (I _{upe})
1	<0,02
2	0,02 – 0,74
3	0,75 – 5,99
4	6,00 – 16,99
5	>17

O resultado, por parroquias, pódese ver no **mapa 3.4**

Análise da vulnerabilidade do medio

A partir da clasificación en rangos realizada para cada un dos índices que compoñen a vulnerabilidade do medio, procédese o seu cálculo mediante a seguinte fórmula:

$$VM = (0,3 * Rglpob) + (0,1 * Rglinf) + (0,4 * Rglupe) + (0,2 * Rglprot)$$

Onde:

VM = Vulnerabilidade do medio da parroquia

RGl_{pob} = Valor do rango do Índice poboacional

Rglinf = Valor do rango do Índice de infraestruturas

Rglupe = Valor do rango do Índice de Uso do solo, Pendente e Exposición

Rglprot = Valor do rango do Índice de protección

Pondéranse os diferentes índices asignando maior peso ao factor humano e medioambiental (60%) tendo en conta a importancia da seguridade para a vida das persoas (lpob) sobre as infraestruturas (linf) e os bens medio ambientais (lprot). Ás variables intrínsecas do territorio (lupe) asignaselles un peso do 40% do total.

Obtense o resultado por parroquia e realízase unha clasificación en rangos como se reflicta na seguinte táboa:

Clasificación	Vulnerabilidade	Indicador
Moderada	<2,69	1
Alta	2,70 - 3,79	2
Moi alta	>3,80	3

Os resultados obtidos refléxanse no **mapa 3.5**, onde queda patente cales das parroquias de municipio de Becerreá teñen unha vulnerabilidade maior.

Eventos/espectáculos na área de risco:

As principais concentracións e aglomeracións de persoas que se producen no concello de Becerreá son as feiras e festas que se veñen celebrando ó longo dos meses do ano.

As **Feiras** en Becerreá realízanse todos os días **3 e 19 de cada mes**, nas instalacións do recinto feiral.

Nome do evento	Localización	Data	Nº de persoa	Descrición
Feira de Becerreá	Recinto feiral Becerreá	3 e 19 de cada mes	3000	Feira de gando, maquinaria agrícola e utensilios de labranza,

En canto ás **festas**, celébranse no municipio as seguintes:

Nome do evento	Localización	Data	Nº de persoas	Descrición
San Antonio	Eixibrón	13 de xuño	300-400	Festa parroquial con actos relixiosos e actuacións musicais
San Xoán	Becerreá	23-24 de xuño	800	Festa parroquial con actos relixiosos e actuacións musicais
Festa da Virxe do Carne	Fontarón	13 de xullo	300-400	Festa parroquial con actos relixiosos e actuacións musicais
Festa de Santiago	Nantín	25 de xullo	300-400	Festa parroquial con actos relixiosos e actuacións musicais
Romaría Popular	Pena do Pico	Agosto (data sen)	300-400	Festa parroquial con actos relixiosos e actuacións musicais
Festa Popular	Restelo	Agosto (data sen)	300-400	Festa parroquial con actos relixiosos e actuacións musicais
Festa da Virxe das Dores	Fonte do Lobo	Agosto (data sen)	300-400	Festa parroquial con actos relixiosos e actuacións musicais
Festa Popular	Cruzul	13 de agosto	300-400	Festa parroquial con actos relixiosos e actuacións musicais
Festa de Nosa Señora	Ferreiros de Valboa	15 de agosto	300-400	Festa parroquial con actos relixiosos e actuacións musicais
Festa da Nosa Señora	Cascallá	15 de agosto	300-400	Festa parroquial con actos relixiosos e actuacións musicais
Festa da Becerra	Becerreá	16 de agosto	1500	Festa con degustación culinaria e actuacións musicais

Nome do evento	Localización	Data	Nº de persoas	Descrición
Festa da Virxe dos Remedios	Becerreá	10 de setembro	300-400	Festa relixiosa
Festa do Santo Ecce Homo	Cadoalla	13-14 de setembro	1500	Romaría con celebración relixiosa, comida en casetas e
Festa das Candelas	Becerreá	2 febreiro	300-400	Festa relixiosa
Festa do magosto	Nave multiusos	1º sábado de novembro	700	Festa gastronómica e actuacións musicais
Festa mexillón	Nave multiusos	7 de decembro	700	Festa gastronómica

Risco potencial. Núcleos ou elementos vulnerables

Co cruce de datos do Índice de Perigo local e da Vulnerabilidade do medio, obtense o Risco Potencial por parroquias, que se reflicta no **mapa 4**. Este risco obtense a partir da seguinte matriz:

ÍNDICE DE PERIGO LOCAL	3	ALTO	MOI ALTO	MOI ALTO
	2	MODERADO	ALTO	MOI ALTO
	1	MODERADO	MODERADO	ALTO
		1	2	3
		VULNERABILIDADE		

Segundo os datos analizados nos apartados anteriores, e co resultado do Risco Potencial, faise unha análise dos principais núcleos ou elementos que poden considerarse máis vulnerables.

A parroquia con un Risco Potencial maior é Morcelle, e nesta parroquia pode considerarse elemento vulnerable a ZEC-Rede Natura 2000 Cruzul-Agüeira.

O resto de las parroquias do municipio de Becerreá teñen todas un Risco Potencial moderado. Na táboa amósanse aqueles elementos ou zonas que se poden considerar máis sensibles, aínda que ningunha delas presenta un alto risco:

Elemento	Localización	Características
ZEC-Rede Natura 2000 Cruzul-Agüeira	Parroquias de Morcelle, Ousón, Agüeira, Cruzul e Becerreá	Zona Especial de Conservación
Parque empresarial de Becerreá	Becerreá	Superficie aprox. 50.000 m ² y 34 parcelas
Igrexa de San Pedro e arredores	Cadoalla	Igrexa parroquial que se rodea de xente e casetas os días da festa do Santo Ecce Homo (13 e 14 de
Área recreativa da Xesteda	Becerreá	Carballeira de valor ecolóxico situada entre as piscinas municipais e o polígono industrial
ZEC-Rede Natura 2000 Ancares-Courel	Parroquias de Vilaiz, Pando, Veiga, Vilachá e Liber	Zona Especial de Conservación

ACTIVACIÓN DO PLAN

Niveis

PRE-ALERTA:

A **fase de pre-alerta** do PAM por incendios forestais está prevista cando as condicións meteorolóxicas indiquen un aumento do risco, ou ben se produza un evento no concello que implique un incremento da vulnerabilidade. Implica a comunicación entre todos os estamentos involucrados para poder establecer, o máis axiña posible, as medidas adecuadas para facer fronte á emerxencia en caso de que se produza. PEIFOGA en situación O.

A pre-alerta non implica a activación do Plan.

ALERTA:

O Plan activarase en **fase de alerta** cando o PEIFOGA se atope en situación 1, ben no concello, ben no distrito, ou en incendios xa controlados nos que sexa necesario un control da zona afectada aos efectos de evitar unha reactivación.

En situación 1 do PEIFOGA, os medios propios de intervención do concello non adscritos ao PLADIGA, poderán ser mobilizados pola persoa directora ou responsable das tarefas de extinción, de acordo cun Plan de operacións.

EMERXENCIA:

O Plan activarase en **fase de emerxencia** cando o CIAE-112 Galicia informa da activación do PEIFOGA en situación 2, ben por afectación no distrito forestal ande se atopa o concello, ben porque o incendio prodúcese no propio municipio.

Cráterios de activación

O nivel de activación do plan é función do tipo de suceso, móstranse na seguinte táboa os diferentes niveis:

- Na leira ou xardín, favorecer a descontinuidade vertical e horizontal do combustible vexetal, mantendo ás árbores e arbustos separados suficientemente e podados ata 3,5 metros de altura.
- Manter os albos de leña separados da vivenda. Os silos de biomasa forestal (estelas ou pellets) estarán en recintos illados, protexidos e ventilados.
- Os depósitos de combustibles líquidos (gasóleo) e gasosos (propano, bombonas de butano, etc.) estarán en recintos protexidos e ventilados.
- Coidado coa cheminea! Cómpre protexela para evitar que entren na casa faíscas ardendo.
- Limpar os tellados e canlóns de follas, ramallada e outros restos vexetais que poidan arder.



- Ter unha manguera de rega flexible e longa de sobras que dea para rodear a casa.
- Dispor de extintores polivalentes ABC (lumes de sólidos, líquidos e corrente eléctrica) en garaxe, cociña e sobrados.
- Evitar os peches estremeiros sintéticos (policarbonatos, metacrilatos, PVC, etc). Evitar tamén as mallas de ocultación vexetais (uz ou canizo). Son moi inflamables.
- No xardín e sebes perimetrais empregar preferentemente arbustos de folia verde todo o ano. Rexeitar as especies arbóreas altamente combustibles.
- As parrillas serán preferentemente de obra e estarán rodeadas por unha devasa de 3 m.
- As queimas de restos vexetais ou forestais amoreados en terreos agrícolas ou en terreos forestais (e nas súas zonas de influencia), están suxeitas respectivamente a comunicación ou autorización de queima. Están prohibidas nas épocas de perigo alto de incendios (xullo, agosto e setembro) ou cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control.
- Buscade alternativas ao uso do lume e, en caso de empregalo, extremade as precaucións e facelo nas épocas e zonas permitidas.



4 | Como mellorar a protección das aldeas, urbanizacións e casas illadas ante os incendios forestais

De seguido damos uns consellos para evitar a propagación do lume nos núcleos habitados e noutras edificacións se chega o incendio:


Protexendo os núcleos de poboación, as casas illadas e os arredores

- Cumprir as normas de faixas de protección ante os incendios establecidas na Lei para as casas illadas e núcleos situados en zonas forestais e de influencia (situadas a menos de 400 m do monte).
- Manter limpas de maleza e de restos vexetais as parcelas edificables nos núcleos rurais e rarear e podar o arboredo.



Facilitando o acceso aos medios de extinción e evacuación

- As vías de acceso teñen que permitir o paso de vehículos de extinción e de evacuación de persoas.
- As vías e camiños de acceso ás casas, núcleos, urbanizacións e outras edificacións deberán estar limpos na plataforma de rodamento e nos 2 metros desde a aresta exterior.
- Sinalizar as rúas ou camiños sen saída.
- Coidar a numeración visible e correcta das casas.
- As urbanizacións estarán equipadas con rede de hidrantes.
- Non aparcar en rotondas e rúas estreitas para non dificultar o paso dos vehículos de emerxencias.
- As árbores dos espazos comúns non deben invadir as parcelas e estarán podadas ata 3,5 m para facilitar o paso de camiións contra incendios.



5 | Que facer cando vemos un incendio forestal


- Chamar ao 085 ou ao 112 e dar toda a información posible.
- Alertar á veciñanza.
- Actuar segundo o plan de autoprotección no caso de urbanizacións que contén con el.
- Seguir sempre as indicacións dos medios de extinción, bombeiros, protección civil e corpos de seguridade.
- Prepararse para, se for necesario, aplicar as medidas de actuación (confinamento ou evacuación). Cómpre coñecer as vías de acceso e de evacuación da nosa vivenda.



6 | Sistemas de alerta en caso de incendio forestal

Cando a túa casa, granxa, aldea ou urbanización está ameazada por un incendio forestal, podes recibir avisos e información a través de varias canles:

- Megafonía móbil dos vehículos de protección civil e corpos de seguridade (garda civil, policía local e policía nacional).
- Aviso personalizado directo (porta a porta) en lugares pequenos ou casas illadas.



7 | Normas de actuación en caso de emerxencia por incendio forestal en núcleo habitado

Dependendo das dimensións e características do incendio forestal e dos riscos, as autoridades poden determinar varias medidas de actuación.

A. CONFINAMENTO NA CASA

A casa é o lugar máis seguro cando o lume avanza rapidamente e a evacuación pode resultar perigosa. Se as autoridades non vos dan outras instrucións, refuxiádevos na casa e seguides os seguintes consellos:

- Entrade toda a familia na vivenda e mantédevos agrupados/as. Pechade os animais domésticos.
- Retirade calquera obxecto combustible de arredor da casa.
- Pechade portas, ventás e chaves de paso de gasóleo, gas e outros combustibles.
- Tapade calquera abertura para evitar a entrada de fume e gases do incendio. Preparade os extintores.
- Enchede de auga a bañeira e lavadoiros. Mollade de seguido as zonas ameazadas polas lapas.



B. PROTECCIÓN ACTIVA DA CASA

En caso de confinamento na casa, ademais de seguir os consellos anteriores, pódense aplicar as seguintes accións directas de defensa contra o lume:

- Para loitar contra o lume cómpre protexerse con roupa de algodón de manga longa, calzado pechado e tapar a boca cun pano húmido para respirar.
- Colocar mangueriras de auga que cheguen a todos os puntos da casa.
- Mollar o perímetro da parcela e da vivenda e apagar os pequenos lumes que se produzan.



C. EVACUACIÓN PROGRAMADA DA VIVENDA

As autoridades poden ordenar a evacuación cando o percorrido de escape sexa seguro. Cómpre seguir as seguintes normas:

- Pechar as portas, ventás e chaves de paso de gasóleo, gas e outros combustibles.
- Evacuar axiña pero con calma. ¡Teñen prioridade os cativos e cativas, as persoas maiores e as persoas con dificultades!
- Marchade en dirección contraria ao lume ata chegar a un lugar seguro (designado polas autoridades).
- Librar e facilitar o paso aos vehículos de emerxencia.



8 | Como protexernos do incendio no monte

Se o incendio forestal nos colle no monte atenderemos ás seguintes recomendacións:


- Fuxir en dirección contraria ao lume e intentar rodealo ou pasar directamente ao queimado. No correr cara arriba cando o lume sobe pola ladeira.
- Poñer un pano mollado na cara para evitar o fume.
- Fuxir das valgadas e corgas estreitas. Non se agochar en covas nin pozos.
- Nas ribeiras do mar e de ríos, achegarse á auga e meterse nela se é preciso.
- Pisar sobre chan seguro. Non correr costa abaixo.



3 | Como protexernos do incendio no coche

Se o incendio forestal nos colle no coche atendede as seguintes recomendacións:

- Comunicar por teléfono a nosa situación ao 112.
- Parar o vehículo nun lugar protexido.
- Pechar portas e ventás e parar a ventilación do coche.
- Prender as luces para facilitar a nosa localización.



10 | ¿Estamos protegidos/as ante os incendios forestais?

Listaxe de verificación

Na nosa vivenda

1. Ventás e aberturas

- a. Hai algunha abertura ou cheminea por onde poden entrar gases do incendio.
- b. Pódense pechar todas as aberturas e as ventás son de vidro e madeira ou aluminio.
- c. A vivenda queda perfectamente illada do lume. As ventás contan con dobre vidro e as persianas son ignífugas. A cheminea está pechada.

2. Vexetación arredor da casa

- a. Hai árbores tocando a fachada ou plantas trepadoras nalgunha das paredes. Os tellados teñen follas, pólas ou outra materia orgánica que pode arder.
- b. Hai polo menos 2 metros libres de vexetación arredor da fachada e de cando en vez limpo o tellado de follas, pólas ou outra materia orgánica que pode arder.
- c. Arredor da casa hai 10 metros libres de árbores e regularmente limpo o tellado de follas secas, pólas ou outra materia orgánica que pode arder.

3. Manguera de rega

- a. Arredor da casa non hai manguera de rega.
- b. Hai unha manguera de rega, pero só chega a algunhas partes da parcela.
- c. Hai unha manguera de rega que chega a calquera punto da parcela e teño un sistema para facela funcionar.

4. Peche da parcela

- a. Está feito de materiais vexetais ou sintéticos inflamables.
- b. É de vexetación verde todo o ano e non dá moitos restos vexetais.
- c. Está feito con materiais incombustibles (pedra, bloques, metal, ...).

5. Combustible doméstico almacenado

- a. Hai un depósito homologado de gas, gasolina ou biomasa a menos de 10 metros da casa.
- b. Hai un depósito homologado de gas, gasolina ou biomasa a máis de 10 metros da casa.
- c. Teño unha pila de leña ou achas a menos de 10 metros da casa. Os depósitos de gas ou gasolina homologados están soterrados ou nun recinto ventilado.

Nas aldeas, urbanizacións ou casas illadas**6. Sinalizacións en urbanizacións ou núcleos rurais**

- a. As rúas de entrada e saída non están sinalizadas; as rúas sen saída e os puntos de auga non están marcados e as casas non están numeradas de xeito visible.
- b. As rúas de entrada e saída están sinalizadas aínda que as rúas sen saída e os puntos de auga non o están. As casas tampouco están numeradas.
- c. Están sinalizadas todas as rúas; tamén as que non teñen saída. As casas están numeradas e os puntos de toma de auga sinalizados.

7. O acceso

- a. Só hai un camiño de acceso ou, aínda habendo varios, son estreitos e só permiten o paso dun coche.
- b. Hai máis dun camiño de acceso, pero non permiten a entrada dun vehículo contra incendios, aínda que si poden cruzar dous coches.
- c. Hai varios camiños de acceso suficientemente amplos para o paso de dous coches en sentido contrario e dun camión de bombeiros/as.

8. A faixa de protección perimetral

- a. A casa, aldea ou urbanización non ten faixa de xestión de biomasa arredor.
- b. Hai unha faixa de menos de 50 metros arredor de case todo o núcleo de casas pero non cumpre cos requisitos de tratamento da vexetación.
- c. Hai unha faixa de polo menos 50 metros arredor de todo o núcleo e cumpre con todos os requisitos de tratamento da vexetación.

9. Parcelas non edificadas

- a. As parcelas non edificadas teñen moita maleza e moita densidade de árbores.
- b. A maior parte das parcelas non edificadas están sen maleza e arboredo moi raro.
- c. Todas as parcelas non edificadas están libres de maleza e case que non teñen árbores.

O plan de autoprotección

10. Plan de autoprotección para emerxencias

- a. Non sei se hai plan de autoprotección na miña aldea ou urbanización, aínda que tanto dá.
- b. Na urbanización, núcleo ou concello hai un plan de emerxencias pero non o adestrarnos.
- c. Na urbanización ou núcleo hai un plan de emerxencias e témolo ensaiado hai menos de tres anos.

Puntuación

Respostas a: 0 puntos

Respostas b: 1 punto

Respostas c: 2 puntos

Menos de 8 puntos:

Podedes sufrir un incendio con consecuencias graves. Tedes que tomar medidas para reducir o risco de incendios.

Entre 8 e 16 puntos:

Pódese reducir a probabilidade de sufrir un incendio. Aplicade os consellos de autoprotección desta guía.

Máis de 16 puntos:

Noraboa. Xa tomastes medidas preventivas, aínda que non hai que baixar a garda.

Atoparedes máis información en:
www.xunta.es/

Protexe a túa casa fronte aos incendios forestais

En situación de risco chama ao 112.

Segue as indicacións dos medios de extinción e dos corpos de seguridade

SEGUIDE OS CONSELLOS DESTA GUÍA, PREPARADE A VOSA CASA E O CONTORNO ANTE UN INCENDIO E APLICADE AS MEDIDAS DE AUTOPROTECCIÓN AXEITADA PARA CADA SITUACIÓN

Este manual foi elaborado pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior coa colaboración da Dirección Xeral de Ordenación e Produción Forestal



ANEXO 4. CARTOGRAFÍA ESPECÍFICA

1. INFORMACIÓN DE PARTIDA

- 1.1. Ámbito do estudo
- 1.2. Poboación
- 1.3. Rede hidrográfica
- 1.4. Espazos protexidos
- 1.5. Infraestruturas
- 1.6. Usos do solo
- 1.7. Mapa de pendentes
- 1.8. Mapa de exposición
- 1.9. Incendios

2. INDICE DE PERIGO LOCAL DE INCENDIOS

- 2.1. Índice de frecuencia de incendios.
- 2.2. Índice de gravidade de incendios.
- 2.3. Análise do perigo local de incendios.


3. VULNERABILIDADE DO MEDIO


- 3.1. Índice poboacional
- 3.2. Índice de infraestruturas
- 3.3. Índice UPE (Uso do solo, pendente e exposición).
- 3.4. Índice de protección
- 3.5. Análise da vulnerabilidade do medio.

4. DETERMINACIÓN DO RISCO POTENCIAL


5. ELEMENTOS VULNERABLES E VÍAS DE EVACUACIÓN

6. FAIXAS SECUNDARIAS DE XESTIÓN DE BIOMASA







Anuncio publicado en: Num BOP 215 año 2019 (18/09/2019 08:00:00)




Anuncio publicado en: Num BOP 215 año 2019 (18/09/2019 08:00:00)







CONCELLO DE BECERREÁ		INFORMACIÓN:	REDACCIÓN:	DATA:	ESCALA: 1:50.000	XEITO DE PLANO:	F. PLANO:
		PLAN DE ACCIÓN MUNICIPAL FRONTE A INCENDIOS FORESTAIS CONCELLO DE BECERREÁ	PROMOTOR: U.S.C. TÉCNICO MUNICIPAL: BECERREÁ	SISTEMA DE REFERENCIA: ETRS89 EPSG:31436	INFORMACIÓN DE PARTIDA: Infraestruturas	1.5	


Anuncio publicado en: Num BOP 215 año 2019 (18/09/2019 08:00:00)




Anuncio publicado en: Num BOP 215 año 2019 (18/09/2019 08:00:00)












Anuncio publicado en: Num BOP 215 año 2019 (18/09/2019 08:00:00)







Anuncio publicado en: Num BOP 215 año 2019 (18/09/2019 08:00:00)




Anuncio publicado en: Num BOP 215 año 2019 (18/09/2019 08:00:00)






CONCELLO DE BECERREÁ	egis	<small>CONCELLO DE BECERREÁ</small> <small>CONCELLO DE BECERREÁ</small> <small>CONCELLO DE BECERREÁ</small>	<small>REDACTED</small> PLAN DE ACCIÓN MUNICIPAL FRONTE A INCENDIOS FORESTAIS CONCELLO DE BECERREÁ	<small>PROVINCA</small> <small>TERMO MUNICIPAL</small>	<small>ESCALA</small> 	<small>INDICE DE PROTECCIÓN</small> 3,4	<small>INDICE DE PROTECCIÓN</small> <small>INDICE DE PROTECCIÓN</small>



Anuncio publicado en: Num BOP 215 año 2019 (18/09/2019 08:00:00)



CONCELLO DE BECERREÁ

CONSELLEIRO XERAL **egis**

RELAÇÃO DE PLAN DE ACCIÓN MUNICIPAL FRONTE A INCENDIOS FORESTAIS CONCELLO DE BECERREÁ

PRORROGA DO PLAN DE ACCIÓN MUNICIPAL FRONTE A INCENDIOS FORESTAIS CONCELLO DE BECERREÁ


ESCALA: 1:50.000

ESCALA: 0 500 1.000


RISCO DO RIBIÑO

RISCO POTENCIAL


4




Anuncio publicado en: Num BOP 215 año 2019 (18/09/2019 08:00:00)



Anuncio publicado en: Num BOP 215 año 2019 (18/09/2019 08:00:00)



Anuncio publicado en: Num BOP 215 año 2019 (18/09/2019 08:00:00)



Anuncio publicado en: Num BOP 215 año 2019 (18/09/2019 08:00:00)

CONCELLO DE BECERREÁ

CONSULTOR: egis


PROXECTO: PLAN DE ACCIÓN MUNICIPAL FRONTE A INCENDIOS FORESTAIS CONCELLO DE BECERREÁ

PROXECTO: I.L.B.C. TÍTULO MUNICIPAL BECERREÁ

ESCALA: 1:48.000
0 500 1.000
SISTEMA DE REFERENCIA: ETRS89 EPSG:31436

FAIXAS SECUNDARIAS DE XESTIÓN DE BIOMASA

F. FOLIO: 6
Folla 3 de 4



ANEXO 5. ELEMENTOS VULNERABLES

Lista dos elementos ou zonas vulnerables que se sinalaron no **mapa 5** e no apartado 2.3 deste manual. Esta lista de elementos vulnerables é exclusiva para o risco para o que se refire este manual.

Elemento	Coordenadas UTM	Poboación afectada	Teléfono de contacto en caso de emerxencia	Época de uso
ZEC-Rede Natura 2000 Cruzul-Agüeira	X: 652.016 Y: 4.744.287	20-80 persoas	Aviso "in situ"	Todo o ano
Parque empresarial de Becerreá	X: 650.959 Y: 4.746.123	50 persoas	Aviso "in situ"	Todo o ano
Igrexa de San Pedro e arredores	X: 649.996 Y: 4.747.200	1500 persoas	Aviso "in situ"	13-14 setembro
Área recreativa da Xesteda	X: 650.729 Y: 4.7446.221	100 persoas	Aviso "in situ"	Meses de verán
ZEC-Rede Natura 2000 Ancares-Courel	X: 656.541 Y: 4.748.385	10-50 persoas	Aviso "in situ"	Todo o ano

ANEXO 6. CATÁLOGO DE MEDIOS E RECURSOS ASOCIADOS A ESTE PAM

CATEGORÍAS		Nº UNIDADES
MEDIOS DE ACTUACIÓN	BRIGADAS DE TERRA	0
	GES	1
MEDIOS MATERIAIS	MOTOBOMBAS MUNICIPAIS	2
	MOTOBOMBAS GES	1
PERSOAL	XEFE BRIGADA CONCELLO	0
	CONDUCTOR CONCELLO	2 *
	PEÓN CONCELLO	0
	XEFE BRIGADA GES	0
	PEÓN GES	12
	BOMBEIROS	0

* Só se contratan durante 3 meses no verán.

ANEXO 7. REGULAMENTACIÓN

O marco legal do Plan de protección civil por incendios forestais do concello de Becerreá, queda constituído por:

- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, Estatuto de Autonomía para Galicia
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Regulación das bases do Réxime Local
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia

- Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes
- Lei 10/2006, do 28 de abril, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de decembro de montes
- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
- Corrección de erras - Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
- Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia.
- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia
- Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil.
- Real decreto 1535/84, do 20 de xuño, sobre a ampliación e adaptación de funcións e servizos do Estado na Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza
- Real decreto 875/1988, do 29 de xullo, polo que se regula a compensación de gastos derivados da extinción de incendios forestais
- Real decreto 407/1992, do 24 de abril, polo que se aproba a Norma Básica de Protección Civil
- Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.
- Orde do 2 de abril de 1993, pola que se aproba a Directriz Básica de Planificación de Protección Civil de Emerxencia por Incendios Forestais
- Resolución do 28 de maio de 2015 pola que se publica o Plan especial de Protección Civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (Peifoga).

Becerreá, 11 de setembro de 2019.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2691

BURELA

Anuncio

Expediente nº : 1618/2019

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 28 de agosto de 2019, o Padrón por liquidación das taxas do servizo de abastecemento domiciliario de augas, sumidoiros e recollida de lixo, así como o canón de auga da Xunta de Galicia, correspondente ao Terceiro Bimestre do exercicio 2019, procédese a apertura do período de información pública por prazo de vinte días hábiles a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido nas oficinas do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 5 de setembro de 2019 ata o día 5 de novembro de 2019.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante o órgano competente, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon de Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 apartado 3 da Lei 58/ 2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 23 e 24 do R.D. 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Burela, 10 de setembro de 2019.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 2773

Anuncio

EXPEDIENTES 1619/2019 E 1620/2019. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. XULLO 2019.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 28 de agosto de 2019, prestou aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xullo de 2019 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 7.062,71 €, correspondendo 1.109,40 € a libre concorrencia e 5.953,31 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase o período voluntario de cobramento dende o día 25 de setembro de 2019 ata o día 25 de novembro de 2019, ambos os dous inclusive.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 9 de setembro de 2019.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 2774

A FONSAGRADA

Anuncio

A Corporación Municipal do Concello de A Fonsagrada, Lugo, na sesión plenaria ordinaria de 10 de setembro de 2019, adoptou o acordo seguinte:

“Considerando as atribucións que a normativa vixente en materia de réxime local lles encomenda ós Alcaldes, esta Alcaldía estima que para acadar a maior eficacia no desempeño das mesmas, debe exercer-lo seu cargo con dedicación exclusiva.

Ó abeiro do disposto no artigo 75 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, según a redacción dada pola Lei 27/2013, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, visto o artigo 18 do Real-Decreto Lei 24/2018 de 21 de decembro polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público e visto o informe de Secretaría- Intervención de data de 30.08.2019.

Visto que a Comisión Informativa de Asuntos Plenario ditamina, por unanimidade, na sesión celebrada o día 02 de Setembro de 2019, deixar o tratamento deste asunto para o Pleno

O Pleno da Corporación, cos votos favorables dos cinco concelleiros do PSdG-PSOE e da concelleira do BNG e cos votos en contra dos cinco concelleiros do PP, adopta o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Recoñecer a dedicación exclusiva ó Alcalde - Presidente desta Corporación, xa que este posto ten unha gran complexidade e unha gran responsabilidade e necesita de total dedicación.

SEGUNDO.-A retribución que percibirá o Alcalde - Presidente polo desempeño do seu cargo para a realización das tarefas propias do cargo ascenderán a unha cantidade bruta anual de 38.000,00 €, en 14 mensualidades, que incrementaranse anualmente, segundo o estableza a Lei de Orzamentos anuais do Estado, non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero sí a percibir

indemnizacións (dietas e quilometraxes) polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación, según o establecido nas bases de execución do orzamento.”

A Fonsagrada, 12 de setembro de 2019.- O alcalde, Carlos López López.

R. 2775

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Confeccionado o Padrón de contribuíntes do Imposto Municipal sobre Vehículos de Tracción Mecánica, correspondente o ano 2019, expónse ó público durante o prazo de vinte días, contados a partir do seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de examen e reclamacións.

Outeiro de Rei, 13 de setembro de 2019.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 2779

A POBRA DE BROLLÓN

Anuncio

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 30/08/2019, aprobou inicialmente o expediente núm. 2/2019 de modificación de créditos do orzamento do 2019. Dando cumprimento ao preceptuado no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, expónse ao público por prazo de quince días hábiles na secretaria deste Concello que comezará a contarse dende o seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas e que deberán dirixirse ao sr. alcalde-presidente deste Concello.

A Pobra do Brollón, 11 de setembro de 2019.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 2776

O VALADOURO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XIMNASIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE O VALADOURO DO MES DE FEBREIRO DE 2019.

Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 322/2019 de 28 de agosto de 2019, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Ximnasio Municipal do Concello de O Valadouro, correspondente ao mes de febreiro de 2019 polo importe total de 118,00€

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro 11 de setembro de 2019.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 2777

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

D. SINESIO NOVO FERNANDEZ, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 002 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 103/2019 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de Dª MARIA FE RODRIGUEZ RODRIGUEZ contra JOSE LUIS ROBLEDOS ALVAREZ sobre DESPIDO, se ha dictado Auto de fecha 5/09/2019 cuya parte dispositiva dice literalmente:

“**Dispongo:** declarar extinguida la relación laboral que unía a **D^a. MARÍA FE RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ** con la empresa **JOSÉ LUIS ROBLEDO ÁLVAREZ**, y condenar a ésta a que abone al trabajador la cantidad de **2.257,75 euros** en concepto de indemnización por la extinción de la relación laboral, más la de **17.536,56 euros** en concepto de salarios dejados de percibir desde la fecha de despido hasta la de esta resolución, a razón de 32,84 euros diarios.

Notifíquese a las partes.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Mediante recurso de reposición a interponer ante este órgano judicial, en el plazo de los **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación con expresión de la infracción cometida en la resolución a juicio del recurrente, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida. Si el recurrente no tuviere la condición de trabajador o beneficiario del régimen público de seguridad social deberá consignar la cantidad de 25 euros, en concepto de depósito para recurrir, en la Cuenta de Signaciones de este XDO. DO SOCIAL N. 2 abierta en BANCO SANTANDER, LUGO, cuenta nº 2323, debiendo indicar en el campo concepto "Recurso" seguida del código "30 Social-Reposición". Si el ingreso se hace mediante transferencia bancaria deberá incluir tras la cuenta referida, separados por un espacio, el "código 30 Social-Reposición". Si efectuare diversos pagos en la misma cuenta deberá especificar un ingreso por cada concepto, incluso si obedecen a otros recursos de la misma o distinta clase indicando en el campo de observaciones la fecha de la resolución recurrida utilizando el formato dd/mm/aaaa. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades Locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.

Así lo acuerda y firma SS^a. Doy fe.

LA MAGISTRADA-JUEZ EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA”

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a JOSÉ LUIS ROBLEDO ÁLVAREZ, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, seis de septiembre de dos mil diecinueve.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 2778

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente número: A/27/22177

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas

Peticionario: M. V. M. C. de Xunquiñas

Nombre del río o corriente: Dos cauces

Caudal solicitado: 110 m³ por llenado

Punto de emplazamiento: Montes Vecinales en mano común de Xunquiñas en Moreira y San Martiño das Cañadas

Término Municipal y Provincia: Cervantes (Lugo)

Destino: Extinción de incendios

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:

MVMC de Xunquiñas: Arqueta de captación y conducción por tubería a depósito de hormigón armado de 8 x 7 x 2 m. y 110 m³ de capacidad.

MVMC de San Martiño das Cañadas: Arqueta de captación y conducción por tubería a depósito de hormigón armado de 8 x 7 x 2 m. y 110 m³ de capacidad.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Cervantes** o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 05 de setembro de 2019.- **EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES.** Pedro Granda Rodríguez.

R. 2759
